



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E A DIOCESE DE LUGO PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS E INMOBLES NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS DE CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DOS INMOBLES ECLESIAÍSTICOS INCLUÍDOS NO ANEXO DE INTERVENCIÓNS VINCULADAS AO PRESENTE CONVENIO.

Lugo, 01 AGO. 2024

REUNIDOS

Dunha parte, don José Carlos López Campos, actuando en representación da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, en virtude do seu cargo de conselleiro polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle concede o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

Doutra, Sr. D. Alfonso Carrasco Rouco, actuando en representación da Diocese de Lugo, en virtude da súa condición de bispo, titular e responsable da diocese.

Todas as partes teñen plena capacidade para levar adiante o presente convenio de cooperación e por tanto,

EXPOÑEN

Primeiro: Que a Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Segundo: Que conforme o artigo 4º do “Convenio de Colaboración entre os bispos das dioceses que comprenden o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e a Xunta de Galicia, co fin de garantir a conservación e fomentar ou promover o enriquecemento do patrimonio artístico e documental da Igrexa”, formalizado polo “Acordo marco entre a Xunta de Galicia e os bispos das dioceses que comprende o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia” asinado o 17 de abril de 1985, a Xunta de Galicia conforme as súas dotacións orzamentarias, asume o compromiso de contribuír ás necesidades de conservación, mellora e adecuada protección do patrimonio artístico e histórico propiedade da Igrexa Católica, así como de subvencionar ou dotar, no seu caso, os convenientes medios persoais e técnicos para a súa eficiente utilización pública.

Terceiro: Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, dentro dos ámbitos da súa competencia, ten establecido un plan de investimentos a realizar co obxecto de conservar, restaurar e poñer en valor o patrimonio cultural de Galicia, colaborando así cos seus propietarios e xestores, que se comprometen a poñer a disposición da sociedade o seu patrimonio cultural e a mantelo e a utilizalo de forma axeitada para garantir a conservación dos valores culturais que

xustificaron a súa protección.

Cuarto: Que a Igrexa Católica é a titular do seu patrimonio histórico, artístico e documental que se pon a servizo da sociedade, titularidade que, a tenor da Constitución Española e do Estatuto de Autonomía de Galicia e do resto da lexislación aplicable, a Xunta de Galicia recoñece, así como a súa natureza e finalidade relixiosa e o uso relixioso dos mesmos que se desenvolve de forma compatible coa función cultural que posúe o devandito patrimonio.

Quinto: Que a Diocese de Lugo ten a facultade de poñer a disposición da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude os bens culturais que se relacionan no Anexo de Intervencións que acompaña ao presente convenio. Entre estes bens pódense atopar edificios, retablos, pinturas murais e outros bens artísticos de natureza inmobile, posuidores de valor cultural e protexidos ao seren considerados de interese relevante para a permanencia e a identidade da cultura galega a través do tempo.

Por todo o exposto, as partes acordan subscribir un convenio de colaboración baseado nas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do Convenio

O obxecto do presente convenio de colaboración é regular as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da súa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, e a Diocese de Lugo para a **posta a disposición dos terreos e inmobles necesarios para a execución das actuacións de conservación e restauración dos inmobles eclesiásticos incluídos no anexo de intervencións vinculadas ao presente convenio.**

Para o desenvolvemento deste proxecto non é posible promover a concorrência pública, xa que o estado de deterioro progresivo dos inmobles incluídos no listado de actuacións do presente convenio podería afectar aos elementos construtivos, estruturais ou funcionais dos inmobles ou as decoracións, policromías, capas de preparación ou soporte e estruturas dos bens artísticos, polo que é necesario a realización das actuacións descritas no anexo de intervencións e así evitar a perda destes bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia. Por outra banda, as intervencións obxecto do presente convenio están incluídas no *Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia* da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro do obxectivo operativo *Conservar o patrimonio cultural galego*, que inclúe actuacións en catedrais, mosteiros, conventos, abadías, igrexas e patrimonio eclesiástico galego.

No Anexo de Intervencións que forma parte do presente convenio recóllese de forma ordenada a relación de inmobles sobre os que se ten previsto actuar, identificándoos e indicando para cada un deles o seu réxime de protección e o obxecto da actuación que se pretende desenvolver, así como os datos representativos do proxecto de restauración e obras para as que se acorda a posta a disposición dos terreos e inmobles.

Segunda.- Obrigas da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.



A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia, dentro das liñas de actuación que en materia de protección, conservación e posta en valor do patrimonio cultural, están sinaladas no seu programa de obxectivos, realizará as actuacións relacionadas no Anexo de Intervencións do presente Convenio, ou das sucesivas addendas, con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, en función das súas disponibilidades económicas e mediante a tramitación dos instrumentos xurídicos oportunos.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, conforme á lexislación de aplicación e á tramitación e procedementos establecidos para a contratación polas administración públicas, supervisará e aprobará os proxectos e contratará as obras e servizos relacionados no Anexo de Intervencións do presente convenio.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través dos seus servizos técnicos e dos profesionais alleos contratados para realizar a dirección facultativa dos traballos, realizará o seguimento das obras e o control económico e técnico das mesmas.

A relación de obras recollidas no anexo así como a relación de inmobles eclesiásticos que van a ser obxecto das intervencións poden ser obxecto de modificación ao longo do período de vixencia do presente convenio, incorporando novos edificios, bens e intervencións ou retirando os xa incorporados nos que non sexa posible chegar a formalizar a contratación das obras. Estas variacións do listado incluído no Anexo de Intervencións serán recollidas en sucesivas addendas ao presente convenio que teñan por obxecto a actualización da lista de intervencións previstas ao abeiro do mesmo.

Para aqueles inmobles que se retiren do Anexo de Intervencións, a posta a disposición de terreos e inmobles necesarios para a execución da obra realizada polo titular do ben a favor da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude quedará sen efecto, non asumindo por isto a consellería ningún outro compromiso ou responsabilidade ante o propietario.

Terceira.- Obrigas da Diocese de Lugo

Pola súa banda, a Diocese de Lugo comprométese a autorizar a plena e libre dispoñibilidade dos terreos e inmobles necesarios a favor da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para que esta poida acometer a execución das actuacións obxecto do presente convenio.

Unha vez rematadas as obras, a entidade titular asumirá a xestión, mantemento e conservación dos inmobles dos que sexa titular. Para estes efectos, unha vez recibidas as obras pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, poñerá no seu coñecemento, entendéndose que a citada comunicación determina o nacemento das obrigas previstas nesta cláusula.

Cuarta.- Comisión Paritaria

Coa finalidade de asegurar o cumprimento do presente convenio, créase unha comisión mixta de seguimento e control, integrada por dous membros de cada unha das partes. Esta comisión será a encargada de solucionar as controversias que se poidan suscitar na interpretación do convenio.

Quinta.- Resolución

O presente convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.

Sexta.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estará vixente ata a completa finalización das obras a realizar sobre os inmobles obxecto da posta a disposición. En calquera caso, a duración do presente convenio será determinada e non superior aos catro anos, salvo que normativamente se prevea un prazo superior, de acordo co artigo 49.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Sétima: Publicidade

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Asemade procederase á inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Oitava.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14,2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigados a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Novena.- Réxime xurídico

Este convenio ten natureza administrativa. As cuestións litixiosas xurdidas da aplicación do presente convenio, e non resoltas en vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade cos termos do presente convenio, as partes comparecentes asínano e rubricano por duplicado exemplar no lugar e data expresados.

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude,
José Carlos López Campos

O bispo da Diocese de Lugo
Alfonso Carrasco Rouco

ANEXO 1 DE ACTUACIÓNS VINCULADAS AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A DIOCESE DE LUGO, ANO 2024

BEN: Templo romano de santa Eulalia de Bóveda de Mera
SITUACIÓN: Santalla de Bóveda de Mera, Lugo
PROTECCIÓN: O edificio de orixe romana de Santa Olaia de Bóveda, en Lugo foi declarado BIC polo Decreto de 03/06/1931 (GAC do 04.06.1931). Delimitación do contorno no Decreto 108 de 17.04.1997 publicado no DOG do 9.05.1997

ACTUACIÓN: Traballos de conservación preventiva derivados do Plan Director de santa Eulalia de Bóveda de Mera, Lugo (SAR-2024-0030)
PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO: 12 meses

DESCRICIÓN:
Son diversas as interpretacións relativas as orixes do edificio e a súa evolución no tempo. Sen embargo todas as teorías apuntan ao carácter romano do monumento e a maioría describen polo menos dous momentos principais na súa historia. Un, vinculado á construción dun espazo único cuadrangular abovedado precedido dun pórtico a modo de nártex e outro momento vinculado ás pinturas e á división do espazo en tres naves separadas por columnas e arcadas. O monumento orixinal poderíase datar entre o século III e IV d.C., pero no relativo as pinturas, existen discrepancias en canto ao momento no que foron executadas a pesares de que tanto as técnicas, a alta calidade e os motivos son típicos do arte romano tardío, e como conxunto son as máis importantes de España. Existen dúbidas acerca do seu uso, segundo as interpretacións dos distintos autores, podendo ser en orixe un mausoleo similar a outros atopados no leste do imperio, ou ben un ninfeo ou tamén un lugar de reunión de culto pagán relacionado coas propiedades curativas da auga, e posiblemente cristianizado con posterioridade, momento no que se dividiría en tres naves. Por riba do espazo abovedado principal existen os restos do arranque dunha bóveda sobre o muro lateral norte, cuxas características construtivas difiren claramente da parte inferior, dando a entender a súa cronoloxía posterior. A entrada ao monumento realízase por un patio situado a unha cota inferior a do camiño de acceso. Dende o patio se accede ao pórtico que conserva os arranques dunha bóveda e dúas columnas. Nesta zona entre o patio e o interior atopamos uns altorreiros con figuras humanas e de animais con interpretacións variadas segundo os autores. A continuación, unha porta de arco de ferradura de tixolo moi leve leva a un espazo cuadrangular cuberto orixinalmente por unha bóveda, cun estanque na parte central a cuxos lados levántanse unhas columnas que no seu momento se interpretaron como unha división do espazo en tres naves; a central, ocupada pola piscina de auga corrente. No fondo ábrese un pequeno espazo cuberto por arco de medio punto cunha porta que comunicaba co piso superior mediante escaleiras que foron eliminadas despois da primeira escavación. O teito era de bóveda de canón da que só quedan os arranques a ambos lados decorados coas magníficas pinturas murais de aves e vexetación. Sobre ela se levantaría unha segunda planta da que só queda o arranque da bóveda do seu



lado norte. Pola porta do fondo da estancia pódese acceder as cámaras bufas realizadas nos anos setenta do século pasado e aínda existentes.

O que podemos apreciar hoxe en día no monumento é o resultado das diferentes intervencións de restauración e posta en valor realizadas no século XX e principio do XXI, que nalgún caso foron contraditorias entre si e incluso poderían ter sido, coa perspectiva actual, prexudiciais en certos aspectos para o monumento.

As primeiras escavacións dirixidas por López-Martí corresponden ao período 1926-1929, no que se produce o desentullo dos restos provenientes do colapso da bóveda e o que houbera sobre ela, deixando á vista a estancia cos restos da bóveda orixinal e realizando un teito de formigón para a protección do conxunto.

Entre 1945 e 1960 Chamoso Lamas dirixe unha serie de actuacións de escavación, restauración e posta en valor coa axuda dos arquitectos Luís Menéndez Pidal e Francisco Pons Sorolla. No período 1974-1983 realízanse pequenos traballos arqueolóxicos e unha importante intervención arquitectónica a cargo do arquitecto Antonio González Trigo na que se executa unha cámara bufa arredor do monumento e unha cuberta abovedada no piso superior protexendo todo o conxunto, incluído o muro e arranque da bóveda do primeiro piso.

No período 1983-1993 a Xunta de Galicia acomete estudos de humidade e traballos de conservación e restauración de muros e pinturas murais. Posteriormente realiza outra intervención arquitectónica de importancia a cargo dos arquitectos Manuel Gallego e César Portela, na que se elimina a intervención de González Trigo no relativo aos forxados e cuberta sobre o monumento. Todo elo é substituído por unha cuberta plana nun afán de maior respecto á roina arqueolóxica e integración coa arquitectura do contorno, rematando os traballos no ano 1993. A partires destas datas, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural realiza multitude de estudos e controis sobre a evolución do monumento e especialmente do estado de conservación das pinturas murais en relación a problemas de humidades tanto de capilaridade ou filtración como de condensación acometendo pequenas intervencións de mantemento.

No ano 2006 procédese á consolidación do arranque da bóveda do piso superior e a súa protección cunha estrutura de aceiro inoxidable e cristal. A partir de ese momento e ata hoxe seguen os estudos, controis, traballos de limpeza, mantemento e conservación preventiva.

No ano 2016 a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (DXPC) acomete unha actuación para eliminar filtracións de auga a través do muro norte, que presentaba un rexuntado moi deficiente. Nesta intervención tamén de colocou unha canle na fronte do forxado da nova cuberta plana que recolle as pingueiras de filtracións de auga que discorren por baixo das lousas de granito da cuberta e por riba da impermeabilización do propio forxado. Outra pequena intervención foi substituír os tornachuvias que protexían os altorrelevos exteriores por outras similares de maiores dimensións.

No ano 2021 a DXPC licitou a redacción do Plan Director do edificio romano de Santa Olaia de Bóveda, que se redactou durante os anos 2021, 2022 e 2023. Este documento describe as características do monumento e a súa historia así coma as súas patoloxías construtivas e funcionais. Define tamén as condicións para o seu mantemento e as súas necesidades de conservación e restauración. Finalmente analiza a potencialidade do monumento para o desenvolvemento organizado dunha proposta de usos e visitas compatible cos seus valores

culturais e de conservación, que permita un desenvolvemento sustentable a través dunha axeitada xestión e posta en valor, ao tempo que o converte nun referente tanto social como económico da comarca.

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

Durante a redacción do plan director resólvense moitas incógnitas sobre o funcionamento do edificio, pero quedan cuestións nas que afondar que son necesarias para establecer os criterios de mantemento e conservación deste.

A finalidade é levar a cabo unha serie de actuacións que complementen o coñecemento do comportamento do edificio en relación con:

- o control das condicións ambientais mediante a protección contra a acción do sol
- o estudo da hidráulica do monumento
- o mantemento e conservación preventiva.

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

Os traballos previstos de xeito resumido son:

- Illamento provisional do edificio mediante formación de carpinterías de madeira de castiñeiro sobre estruturas auxiliares do mesmo material, que permita unha monitorización constante para valorar o comportamento do ben no caso de optar nun futuro polo illamento definitivo e a instalación de climatización mecánica para conseguir unha humidade e temperatura constantes no interior.
- Cubrición provisional mediante tela de sombreo do espazo do atrio para profundizar no coñecemento da influencia da redución de achega de luz solar ao interior e da redución do soleamento directo nos relevos escultóricos do exterior; así coma da incidencia das xeadas sobre estes.
- Mellora do coñecemento de funcionamento da hidráulica do edificio. Para poder estudar este aspecto é preciso eliminar os posibles depósitos nas canles da piscina polo que é preciso previamente levantar o pavimento, a súa recolocación e a execución de probas de enchido e baleirado da piscina.
- Tarefas de mantemento e conservación preventiva:
 - limpeza e reparacións na cuberta (limpeza de canlóns e cuberta)
 - revisión do casetón de protección do arranque da bóveda do piso superior.
- Mellora da instalación eléctrica e de iluminación que facilite a execución de tarefas de mantemento e as visitas ao monumento para investigación.
- Mellora da accesibilidade ao monumento e centro de interpretación.
- Reparación da cámara bufa que permita o tránsito sen perigo para os usuarios (corte e pasivado das armaduras de ferro que sobresaen, recheo dos ocos do muro de formigón para evitar filtración de auga e mellora dos acabados das reixas metálicas das ventás que dan ao atrio mediante limpeza, lixado e aplicación de esmalte satinado).
- Control da flora mediante a instalación dun sistema de desinfección de pisada ao pé da escaleira que dá acceso ao atrio, que evite a entrada de propágulos nas pisadas dos usuarios.
- Traslado provisional ao atrio das pezas arqueolóxicas que están no espazo exterior para garantir a súa protección (exposición ás inclemencias meteorolóxicas, susceptibilidade de rou-



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, LINGUA
E XUVENTUDE

bos...)

- Tratamentos de conservación preventiva do conxunto mural.



BEN: Convento do Sancti Spíritus e igrexa parroquial de san Pedro de Melide

SITUACIÓN: Praza do Convento, Melide (A Coruña)

PROTECCIÓN: O ben denominado convento do Sancti Spíritus e igrexa parroquial de San Pedro en Melide está protexido polo seu valor cultural ao ser un ben pertencente ao Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, segundo o que establece a disposición adicional segunda da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92 do 16.05.2016) ao estar recollido no Catálogo do Plan Básico Autonómico (Cod-impres Melide_27499).

Ao mesmo tempo este edificio inclúese no trazado complementario en Melide do Camiño de Santiago Francés delimitado polo Decreto 227/2011, do 2 de decembro. O Camiño Francés foi declarado BIC coa categoría de conxunto histórico-artístico polo Decreto 2224/1962 do 5.09.1962, e dende 1993 forma parte do Patrimonio Mundial UNESCO.

ACTUACIÓN: Restauración da igrexa de san Pedro, convento do Sancti Spíritus en Melide (SAR-2024-0029)

PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO: 12 meses

DESCRICIÓN:

Este edificio ten as súas orixes no século XIV, aínda que foi rematado no século XVIII, o que propiciou que se lle incorporaran mostras doutros estilos. Así pódense ver dúas tumbas de estilo gótico aos lados do altar maior, un fermoso retablo barroco, pinturas do século XVI e unha figura dun neno Xesús feita en marfil. Ten unha única nave con bóveda de canón moi elevada.

Foi convento da Orde Terceira Franciscana do século XIV, hoxe en día convertido en igrexa parroquial. A igrexa, corresponde a un edificio de planta rectangular con capelas acaroadas aos lados da nave única, preto do presbiterio. A cabeceira cadrada do século XV, obra de Juan de Llano e Juan Casal, destaca na planta e máis o alzado. A súa fábrica é de cantería de granito e cachotería do mesmo material, concertada e precintada. A portada de acceso barroca atópase sobre a fachada sueste á praza, a xeito de retablo de catro corpos, con piastras, e remate de frontón curvo. Ten unha torre tamén barroca, campanario de corpo de campás achafranadas moi alto e o remate de templete octogonal con cupulino.

O espazo da nave péchao unha bóveda de canón sobre arcos feixóns que arrincan de grandes ménsulas englobadas nunha imposta continua. A tribuna sitúase sobre un arco escarzano con organización de barroco de placas.

O presbiterio é de planta cadrada, cun arco triunfal apuntado e moldurado ensartado cunha solución non moi limpa nos piares de columniñas preexistentes, cunha bóveda de cruzaría estrelada, por terceletos rectos e curvos con merulos que arrincan de ménsulas.

Dous magníficos enterramentos góticos do antigo convento franciscano, a base de arco de medio punto con intradós decorado con piastras de pináculos con cardinas, gabletes e grande alfiz, sitúanse nas costas da Epístola e do Evanxeo.

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

Na actualidade os danos máis salientables do templo están relacionados sobre todo coa envolvente do edificio: cuberta, fábricas e carpintería exterior. A súa deterioración deriva da elevada



presenza de humidade, aínda que tamén se observan danos que poden estar relacionados cun fallo estrutural.

As causas da patoloxía do edificio son variadas pero maniféstanse os seguintes danos:

- fendas na bóveda de canón, muros da capela maior, arco triunfal e fachadas
- a fábrica da torre presenta roturas, falta de material nas xuntas e movementos, polo que hai unha importante colonización biolóxica. Hai que destacar tamén a presenza de dous niños de cegoña
- humidades derivadas do mal estado dos materiais de cuberta (tella rota e falta de estanquidade nos encontros de cuberta e paramentos verticais)
- a carpintería exterior atópase en mal estado: madeiras con podremia, roturas, desaxustes, algunhas ventás foron retiradas, etc.. cómpre valorar cales poden algunhas pezas torre xa non existen
- no exterior dos muros de cachotería falta o material da xunta e/ou os revestimentos de revoco xa non existen
- no interior, as revocaduras están deterioradas pola falta de estanquidade dos muros de fábrica
- segundo o estado do pavimento do coro é probable que a estrutura estea afectada pola entrada de auga.

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

Logo de facer unha primeira avaliación dos danos, e tendo en conta a existencia dun antigo atirantado metálico da bóveda e a presenza xeneralizada de fendas en gretas nos muros, na bóveda e a torre, é prioritario realizar un estudo polo miúdo da estabilidade das fábricas xa que o resultado deste estudo especializado preliminar – que está en execución - pode implicar unha intervención específica de maior alcance que o simple selado das fendas ou reposición de revocaduras exteriores.

Partindo dos resultados do estudo estrutural específico previo que da as claves que definen a solución, resolveranse os problemas de estanquidade e seguridade do edificio.

Os traballos necesarios para acadar a restauración son:

- substituír a cuberta, resolver os encontros cos elementos verticais
- dar seguridade ás fábricas así como dotar de estanquidade aos muros e á torre
- restaurar ou substituír os elementos da carpintería exterior danados ou inexistentes
- alorar a necesidade de restaurar os elementos do coro de madeira danados
- restaurar as revocaduras do interior da nave.



BEN: Capela de san Lázaro en Sarria

SITUACIÓN: rúa Xela Arias, núm. 2, Sarria (Lugo)

PROTECCIÓN: O ben denominado capela de san Lázaro situada en Sarria está protexido polo seu valor cultural ao ser un ben pertencente ao Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, segundo o que establece a disposición adicional segunda da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92 do 16.05.2016) ao estar recollido no Catálogo das Normas Subsidiarias de Planeamento de Sarria co código EP-4. Tamén aparece no Catálogo do Plan Básico Autonómico (Cod-impres Sarria_9842). Ademais é un dos elementos protexidos do Camiño Francés (BIC)

ACTUACIÓN: Restauración da capela de san Lázaro, Sarria (Lugo) (SAR-2021-0148)

PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO: 9 meses

DESCRICIÓN:

A capela de san Lázaro do século XVIII é unha construción sinxela de planta rectangular dunha soa nave a dúas augas con arco triunfal que a separa do presbiterio, máis alto e con cuberta a catro augas. Ten muros de mampostería de granito e sillería en recercado de ocos: porta principal, porta lateral sur e ventás abucinadas, esquinas do presbiterio, espadana dun só van e arco triunfal.

Conserva un pórtico meridional apoiado sobre catro columnas de granito, única peza que queda do antigo hospital medieval de san Lázaro que estivo destinado á atención de leprosos ata o ano 1700. Ao seu lado está un cruceiro de granito realizado por Manuel Mallo.

O retablo maior é de madeira policromada, pecha toda a cabeceira e componse de corpo, entaboamento e ático. A rúa central do corpo ten unha fornela de arco redondo presidida por unha talla de san Roque. Nas rúas laterais as fornelas son rectangulares e albergan tallas de santa Lucía á dereita e unha santa (posible Marta, Margarita, Juliana, Teodora ou outra) á esquerda.

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

Na actualidade existen danos estruturais na cuberta de madeira, especialmente no ámbito do presbiterio, con pezas policromadas que se están desprendendo, que está protexido cunha rede.

Tamén é preciso revisar o estado de conservación da cubrición, incluso o cabido, e paramentos (interiores e exteriores) que na actualidade perderon as revocaduras coa conseguinte perda de estanquidade no cerramento. A carpintería exterior está resolta con solucións construtivas inadecuadas nalgúns ocos e cómpre revisala porque provoca filtracións de auga.

Cómpre realizar un documento técnico (PBE) que permita avaliar os traballos necesarios para resolver os problemas estruturais e de estanquidade para garantir a conservación da ermida.

A patoloxía do edificio pódese resumir en:

- Humidades e filtracións de auga.
- Deterioración e desprendemento de pezas policromadas.



- Deterioración da estrutura de madeira.
- Xuntas encintadas con morteiro de cemento.
- Deterioración en xeral das carpinterías.
- Colonización de organismos vexetais.
- Problemas de accesibilidade.
- Presenza de elementos alleos que desvirtúan o inmovible tanto no interior coma no exterior (armario empotrado do altar, cableado visto, luminarias impropias, papeleira de fundición na fachada norte, cercados metálicos a modo de alcorque nas árbores, cartelería...).
- Instalación eléctrica precaria.
- Elementos varios da cuberta en mal estado.
- Pavimento de canto rodado do cabido con faltas e deterioración.

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

Os traballos necesarios para acadar a restauración son:

- Substitución da estrutura de madeira de soporte da cuberta da nave.
- Revisión e substitución das pezas inservibles da estrutura de madeira de soporte do presbiterio.
- Substitución do material de acabado da cuberta de pizarra, incluso desmontaxe e retirada do existente, colocación de entabado de soporte, lámina impermeable e illamento.
- Eliminación de rexuntados de cemento dos paramentos interiores e exteriores e posterior revocado con morteiro de cal hidráulico en tres capas con acabado a base de pintura mineral de silicato. Os paramentos de sillería tamén se limparán e rexuntaranse con morteiro de cal.
- Substitución das carpinterías en mal estado.
- Colocación de tarima de madeira de castiñeiro.
- Substitución e renovación da instalación eléctrica.
- Mellora do entorno da urbanización eliminando elementos discordantes e formación de drenaxe perimetral e xardín.



BEN: Igrexa de Vilar de Sarria (parroquial de san Salvador)

SITUACIÓN: Eirexe, Vilar de Sarria, Sarria (Lugo)

PROTECCIÓN: O ben denominado igrexa de Vilar de Sarria (parroquial de san Salvador) situada en Sarria está protexido polo seu valor cultural ao ser un ben pertencente ao Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, segundo o que establece a disposición adicional segunda da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92 do 16.05.2016) ao estar recollido no Catálogo das Normas Subsidiarias de Planeamento de Sarria co código EP-2. Tamén aparece no Catálogo do Plan Básico Autonómico (Cod-impres Sarria_47352) dentro da área de amortecemento do BIC Camiño Francés.

ACTUACIÓN: Restauración da igrexa do Salvador de Vilar de Sarria, Sarria (Lugo) (SAR-2024-0122)

PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO: 9 meses

DESCRICIÓN:

A igrexa de san Salvador de Vilar de Sarria data de finais do século XII. Consta dunha nave única de planta rectangular con muros de carga de mampostería e ábsida semicircular de sillería, precedida dun tramo recto e protexida por unha cuberta de lousa.

Trátase dunha igrexa de fábrica románica cun adro-cemiterio darredor, cunha nave rectangular cuberta de lousa sobre armadura de madeira (ten un falso teito de placas moderno desafortunado). Os muros son de cantería nas partes máis nobres e de cachotería de lousa no resto. O muro lateral norte ten unha cornixa pousada sobre dezaseis canzoros decorados. A fachada sur conserva quince canzoros semellantes aos da fachada norte e dúas seteiras en arco e catro ménsulas. O acceso está configurado cunha portada en arco de medio punto dunha sinxela arquivolta de baquetón, impostas lisas e tímpano monolítico sobre xambas de aresta.

Ten unha espadana esvelta sobre unha repisa saínte con dous vans, dúas acróteras laterais e unha central coroan o pináculo. A ábsida é máis reducida e baixa que a nave e está formada por dous tramos, un recto cuberto con bóveda de canon e outro semicircular máis pequeno, cuberto cunha bóveda de cuarto de laranxa. Ten un arco triunfal de medio punto, dobrado, con contrafortes exteriores.

O retablo maior é do século XVIII. O retablo lateral norte é un conxunto renacentista do século XVI e existe outro retablo lateral sur de trazado neoclásico.

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

A igrexa ten problemas de humidade relacionados co mal estado da cuberta, con fendas nos muros de fábrica. A madeira da tribuna está atacada por xilófagos. Os elementos de carpintería exterior están danados pola presenza de humidade (podremia) e por accións de vandalismo.

No interior as revocaduras orixinais foron substituídas por morteiros de cemento. A instalación de electricidade e iluminación está obsoleta o que supón un risco para a conservación do edificio.



Tendo en conta a posible problemática estrutural que afectaba a cabeceira románica, a DXPC encargou no 2023 un estudo especializado, aos efectos de avaliar a posible incidencia dos enterramentos -acaroados ao muro- coas fendas existentes e avaliar a viabilidade dun proxecto elaborado por encargo da diocese en anos anteriores. O dito estudo concluíu que o edificio estaba estabilizado e, xa que logo, non era precisa ningunha actuación específica sobre a estrutura de fábrica, máis alá de selar as fendas.

Co paso do tempo os danos que presentaba fóronse agudizando polo que é preciso actuar no ben para garantir a súa conservación.

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

Os traballos necesarios para acadar a restauración son:

- Limpeza, rexuntado e restauración de paramentos exteriores, con reposición de revocaduras no seu caso.
- Demolición do falso teito de poliestireno expandido, desmontaxe da cuberta existente e formación de nova estrutura de cuberta de madeira de castiñeiro con aproveitamento das pezas en bo estado e aplicación de tratamento antixilófagos.
- Retirada de enfoscados e rexuntados existentes nos paramentos interiores e posterior revoco e rexuntado con morteiro de cal.
- Revisión dos pavimentos interiores e reparación ou substitución das pezas deterioradas.
- Substitución/restauración da carpintería exterior.
- Revisión da instalación eléctrica e renovación no seu caso.